

B A N D O

A **Consellería de Cultura e Turismo** convoca **Subvencións para a creación de aldeas de turismo rural, a mellora de establecementos existentes de turismo rural, a creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos de turismo rural existentes** (D.O.G. nº 64, do 31 de marzo de 2011), que teñen por obxecto:

- A) Proxectos relativos á creación de aldeas rurais para a realización de actividades de turismo rural.
- B) Proxectos de mellora, modernización e remodelación de aldeas rurais, ou establecementos existentes de turismo rural.
- C) Proxectos de creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos existentes de turismo rural en actividades tales como turismo de natureza, turismo mariñeiro, enoturismo, hípica, golf, náuticas e aeloutras actividades recreativas que supoñan oferta turística complementaria no medio rural, sempre que estean insertas e vinculadas a eles.

As empresas solicitantes deberán inscribir ou ter inscrita no Rexistro de Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia a actividade para a que solicita subvención.

Os proxectos presentados poderán acadar unha subvención do 40% (proxectos de creación) e 30% (proxectos de mellora) sobre o investimento subvencionable cando se trate de pequenas e medianas empresas, e de ata o 30% (proxectos de creación) e o 20% (proxectos de mellora) nos demais casos.

O prazo de solicitude de subvención remata o vindeiro **30 de abril de 2011**.

Para obter información destas axudas e para a tramitación das mesmas, pode poñerse en contacto co **Axente de Emprego e Desenvolvemento Local**, en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Fisterra, 8 de abril de 2011.

O Alcalde